

LUGO

INFORMACIÓN
CULTURAL E
TURÍSTICA 2023

VENRES 17/11 A XOVES 23/11



Concello de Lugo

Área de Cultura, Turismo
e Promoción da Lingua





Exposición 'Máis aló do tempo' – Jesús Lázaro
O VELLO CÁRCERE



LUGO

INFORMACIÓN CULTURAL E TURÍSTICA


Información elaborada o xoves 16/11. Séguenos nas nosas redes, e segue as redes das entidades, promotores culturais e medios de comunicación locais para as actualizacións correspondentes.

 982 297 199

 LugoTurismo

 culturaturismolugo

 LugoTurismo



ENTRADASLUGO.ES

Para recibir este boletín: envía a túa dirección de correo electrónico a 010@lugo.gal Asunto: boletín.

LUGO

NOTICIAS

A concelleira de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua, Maite Ferreiro, presentou a segunda edición do ciclo Soundsystem no Camiño, que mostrará o mellor da música reggae do noroeste peninsular.

Maite Ferreiro: "volvemos achegar a Lugo un xénero musical que goza de gran popularidade no mundo para continuar a ampliar a oferta cultural"

O encontro terá lugar o vindeiro sábado 18 de novembro, entre as 17:00 e as 05:00 no Pazo de Feiras



• Maite Ferreiro



LUGO

AXENDA CULTURAL



Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua

Bajo el azafrán silvestre

Suso Valciras

La relación que surge entre Juan Miguel tiene que permanecer oculta a los ojos de una sociedad que, aunque permisible a las vientes de modernidad traídas por la proclamación de la Segunda República en 1931, continúa anclada en el pasado. El golpe de estado de julio de 1936 y los acontecimientos que desembocan en la Guerra Civil les obligan a tomar decisiones que serán fundamentales para determinar el futuro que les aguarda.

VIERNES 17 DE NOVIEMBRE, 19:00h.
Librería TRAMA, Avenida de A Coruña, 21, Lugo.
Suso Valciras presenta su libro *Bajo el azafrán silvestre*.
En conversación con Verónica Delgado, bibliotecaria

LIBRERÍA
TRAMA
ONDE DIVEN OS LUGOS

#igbtv #dermixto #memorialhistórica #memorialhistórico
@susovalviri @bajelazafransilvestre

SOMOS
TEATRO

A beneficio de SOMOS Unidos por el Cáncer

Presenta

A Carreira do Manuel

Colabora na Dirección: Marga Portoméne
Autores: Antón Fraga e Manuel Lence

17 de Novembro 2023 Auditorio Municipal Gustavo Freire
Venres as 21:30 Entrada 10€ en www.kadelica.com
Tamén con Sons Artesans e Adrián Vigo coa sua Banda
Presenta: Sergio Pazos



Homenaje a China Zorrilla

"LLEVA TIEMPO LLEGAR A SER JOVEN" (PHOTO: RICARDO)

MANUEL ALEXANDRE CHINA ZORRILLA
ELSA & FRED
Una película de MARCOS CARNEVILLE

Viernes 17 /11 a las 19.30h
O Vello Cárcere

La entrada es libre y gratuita, hasta completar aforo.

Ministerio de Relaciones Exteriores
Dirección General de Asuntos Culturales
Consulado General del Uruguay
Santiago de Compostela

O VELLO CÁRCERE
COMUNICACIÓN Y CULTURA
Concello de Lugo

THE HOMELESS

VIE.
17 NOV.
22:30H

JAGGER LIVE

FREE TICKET SPONSORED BY: JACK DANIEL'S


LUGO

AXENDA CULTURAL



Área de Cultura, Turismo
e Promoción da Lingua

Club de lectura



Se estades interesados
en participar escríbide a
clubdelecturalugo@gmail.com

18 NOVEMBRO 12.00
O VELLO CÁRCERE




Concello de Lugo

Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua

CONTACONTOS

Sábado 18/11 ás 12:30 h, contacontos *Polina, a pulguíña* de OQO Editora.



Agradámosvos!

www.labiblos.com

Biblos

Homenaje a China Zorrilla

BETTINA BLUM LUIS BRANDONI JULIO DE GRAZIA
ANTONIO GASALLA como Mamá Cora
JUAN MANUEL TENUTA MÓNICA VILLA y CHINA ZORRILLA



Sábado 18/11 a las 19.30h

O Vello Cárcere

La entrada es libre y gratuita, hasta completar aforo.



Dirección General de Asuntos Culturales
Consulado General del Uruguay
Santiago de Compostela




LUGO

AXENDA CULTURAL



Área de Cultura, Turismo
e Promoción da Lingua



Venres 17/11 a Xoves 23/11

05

LUGO

A XENDA CULTURAL



Concello de Lugo

Área de Cultura, Turismo
e Promoción da Lingua

Presentación Conto



Convidate ao estreno do seu 1º Conto

Domingo, 19 de novembro
ás 17:00hs.

Centro Sociocultural O Vello Cárcere de Lugo

O MISTERIO DO TULIPÁN

TEATRO

AUDITORIO MUNICIPAL
GUSTAVO FREIRE

19 novembro. 18.30h. "Solo"
Cia. Roi Borrallas

Duración: 45 minutos.

Idade recomendada: Todos os públicos.

O hábitat natural de calquer paíso é a escena, co seu público. Pero qué pasa cando queda só? É no camerino onde se misturan a persoa e personaxe. Onde se desdibuxa a líña que os separa. Un limbo que non é escenario nin a vida real. É nesa fronteira onde ten lugar este espectáculo...

Pasen e vexan a trastenda deste artista, as súas ideas e tolerías. Vexan como se defende da soildade e a rutina con imaxinación e humor.

Pasen e vexan o que ninguén ve. Unha persoa ante si mesma. Un actor sen público, un paíso cando ninguén o observa.

Entradas: entradaslugo.es



LUGO

AXENDA CULTURAL

LUGOCULTURAL

MICRO ABERTO

Outubro e novembro * 2023

NOVA CONVOCATORIA:
**OS VIVOS FALAN
DOS MORTOS E MAIS**

20 de novembro
20:45 h.

Cafeteria da Facultade de ADE

Ata o día 17 de novembro achéganos as túas propostas a cultura.lugo@usc.gal para participar no micro aberto: pode ser un texto, poema, canción, monólogo... o que che apeteza expresar e compartir.



USC | **DEPARTAMENTO DE CULTURA Y COOPERACIÓN** | **CONSELLERÍA DE CULTURA** | **DEPARTAMENTO DE CULTURA** | **VICEPRESIDENCIA** | **Cultura**

@lugocultural | www.lugocultural.gal | #LugoCultural2023



Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua

concerto

Mércores, 22 de novembro de 2023



Concerto 1700

Daniel Pinteño, violín e director artístico
Fumiko Morie, violín
Ester Domingo, violonchelo

Obras de José Castel, Luigi Boccherini e Cayetano Brunetti

Salón Rexio do Círculo das Artes · 20:00 horas

Venda de entradas nas oficinas do Círculo das Artes



EL PROGRESO



(UK)
Marty & Olivia WILLSON-PIPER
(The Church)

23
NOVEMBRO
22:00h.

OUTONO NO CLUB CLAVICÉMBALO

FA GE LA Entradas en Woutick!
12€ anticipada 15€ billeteira

Venres 17/11 a Xoves 23/11

07



Concello de Lugo

Área de Cultura, Turismo
e Promoción da Lingua

TEATRO

AUDITORIO MUNICIPAL
GUSTAVO FREIRE

23 Novembro. 20.30h.

"Hai quen escolle os camiños más longos" de Berrobambán

Intérpretes: Paula Carballeira, Bárbara Soares, Joanna Saraiva

Duración: 50 minutos.

Idade recomendada: A partir dos 14 anos.

Nesta historia hai tres mulleres: unha nena, unha raíña que foi nena e unha bruxa que foi nena e que foi raíña.

Tamén hai un lobo, e un bosque. Ten que haber un bosque no que buscar refuxio cando foxes da fame, de calquera tipo de fame, ou do perigo. Cómpre lembralo. Se non hai bosque, non hai camiños nos que perdernos e atoparnos despois.

Cada unha dasas tres mulleres escolle un camiño e vaise cruzando coas outras, tamén co lobo, e co lume, pero elas son fortes, saben arriscar, xogan co tempo ás agachadas e gañan, sempre gañan.

Entradas: entradaslugo.es





AUTORIA: CARMEN PRADO



DEPARTAMENTO
CULTURA
VICEPRESIDENCIA

maem

CERVEZAS
1906

CAIXA RURAL
GALLEGA

AGADIC

XUNTA
DE GALICIA



EL PROGRESO



Lugauto

CANARIAS CREA

USC

eLUGO

OcioenLUGO.com

+ info
www.jazzlugo.com



LUGO

PROGRAMAS

FESTIVAL DE JAZZ



Escenario 1906



XOVES 9 | 20:30 h

Mike Stern Band featuring
Dennis Chambers, Leni Stern, Bob
Franceschini & Lincoln Goines | USA

VENRES 10 | 20:30 h

Emmet Cohen Trio | USA

SÁBADO 11 | 20:30 h

Shai Maestro Quartet | ISRAEL/USA

MÉRCORES 15 | 20:30 h

**Camille Thurman &
The Darrell Green Quartet** | USA

XOVES 16 | 20:30 h

Baldo Martínez Sexteto
Música imaginaria | ESPAÑA

VENRES 17 | 20:30 h

Javi Ruibal Cuarteto | ESPAÑA

SÁBADO 18 | 20:30 h

Gran Canaria Big Band
ILLAS CANARIAS, ESPAÑA

DOMINGO 19 | 19:30 h | Entrada libre

Anunciarase en breve

| PORTUGAL

Casa do Saber da USC

MARTES 14 | 20:00 h

Irene Reig Trío | CATALUÑA

Endesa e traduce: Shui Long
Maquetación e impresión: Sete Cores Artes Gráficas
Diseño de portada: Carmen Prado

VENRES 3 | 22:30 h

Wealman | LUGO

SÁBADO 4 | 22:30 h

Irati Bilbao Quinteto
presenta *Begin* | EUSKADI

SÁBADO 4 | 23:30 h

Ton e Teira
(Ton Risco e Marcos Teira) | GALICIA

MÉRCORES 8 | 22:30 h

Rembrandt Trío | PAÍSES BAIXOS

XOVES 9 | 22:30 h

TT Syndicate | PORTUGAL

VENRES 10 | 22:30 h

Kike Perdomo Quintet
CANARIAS

VENRES 10 | 23:30 h

Amoeba Split | GALICIA

SÁBADO 11 | 22:30 h

Límbico | GALICIA

SÁBADO 11 | 23:30 h

Demo Rumudo | GALICIA

MARTES 14 | 22:30 h

Proyecto 1800 | GALICIA

MÉRCORES 15 | 22:30 h

Jorge Tojeiro 8tet | GALICIA

XOVES 16 | 22:30 h

**Grant Stewart & Jim
Rotondi West Coast Jazz**
ESPAÑA/ALEMANA/ITALIA/USA

VENRES 17 E SÁBADO 18 | 22:30 h

Gabriela Suárez | CANARIAS
Jazz Singer

SÁBADO 18 | 22:30 h

Juan Saiz Cuarteto
CANTABRIA/CATALUÑA

LUGO

PROGRAMAS

FESTIVAL DE JAZZ

VENRES 17 | 20:30 h

Javi Ruibal Cuarteto

ESPAÑA

Javi Ruibal é un dos instrumentistas e compositores máis prometedores da escena jazz española. É batería en particular e percusionista en xeral de jazz, flamenco e músicas do mundo, ademais de compositor de toda a súa música. Nos últimos dous anos xirou por España e México presentando o seu primeiro traballo discográfico, *Solo un mundo*, o cal obtivo o recoñecemento dos Premios MIN 2020 como un dos mellores discos de *world music*.

A lo largo da súa boa carreira, Javi, por forma de vida, soubo absorbe-la esencia da música e áinda a sabedoría daqueles cos que foi compartindo profesión. Entre eles destacan: Glazz (2008-2017), Javier Ruibal, Dorantes, Kiko Veneno, Renaud García Fons, Taksim Trio, Marina Heredia, Munir Hossn, Farruquito, Tim Ries, Carmen Linares, Adam Ben Ezra, Leonor Leal, Úrsula López, Rozalén, Manuel Machado, Federico Lechner, Rafael Riqueni, Jorge Pardo, Raúl Rodríguez, Theodossi Spassov, Patax e Manuel Molina.

Ale Benítez (baixo), Manu Sánchez (piano) e Joaquín Sánchez (ventos) acompañan nun cuarteto que nos mergulla na natureza cun penetrante e marcado son propio. Xuntos exploran o noso planeta e a súa inxente riqueza musical con gran delicadeza e dotando de beleza cada unha das pezas que interpretan, entre elas os últimos singles de Ruibal: «Liziqi» e «Mrs. Autumn», este último gravado co apoio do INAEM e GPS11.

Javier Ruibal: batería
Joaquín Sánchez: instrumentos de vento
Manu Sánchez: piano
Ale Benítez: baixo



© Antonio Barreiro

Círculo das Artes

Escenario 1906



SÁBADO 18 | 20:30 h

Gran Canaria Big Band

ILLAS CANARIAS, ESPAÑA

A Gran Canaria Big Band converteuse nunha das formacións más relevantes de España na súa especialidade. Desde que se fundara no 1997 realizou máis de setenta e cinco proxectos: novos repertorios, concertos, programas escolares, xiras e traballos discográficos serían algúns exemplos. Así mesmo, logrou conectar con artistas de talle internacional que contribuíron a colocá-la Gran Canaria á altura das más prestixiosas big bands: Kurt Elling, Paquito D'Rivera, New York Voices, Perico Sambeat, Sole Giménez, Jamie Davies, Deborah Carter, Braulio e Cristina Ramos.

O repertorio da banda é moi amplio e abrangue todos los xéneros, ofrece desde adaptacións de boleros ata os más sofisticados arranxos de hard bop, amecendo a isto pezas feitas expresamente para ela. A súa reputación chega máis alá das nosas fronteiras e escóitase a súa música en moitos países dos cinco continentes.

Os integrantes da Big Band son na súa maioría profesores en activo no Conservatorio Superior de Música de Canarias, e membros de diferentes agrupacións musicais do arquipélago (Orquesta Filarmónica de Gran Canaria, Banda Sinfónica Municipal de Las Palmas de Gran Canaria, etc.), ademais conta con solistas de jazz canarios que están a despuntar notablemente en lugares como Barcelona, Madrid, Amsterdam, Nova York...



Trompetas: Juan Ramón Martín, Sebastián Gil, Yeray González, José Vicente Araña

Trombones: Juan Bosco Arencibia, Obed García, Gael Arbona, Erik Rodríguez

Saxofóns: Jonás Quesada, Néstor Ramírez, Diego Frugoni, Esteban Ponce y Juan Antonio Martín

Piano: Rayko León

Guitarra: Yul Ballesteros

Contrabaixo: Carlos Meneses

Batería: Akior García

CO APOIO DO



Club Clavicémbalo



XOVES 16 22:30 h

Grant Stewart & Jim Rotondi West Coast Jazz



ESPAÑA/ALEMANHA
ITALIA/USA

O saxofonista Grant Stewart e o trompetista Jim Rotondi son dous músicos referenciais do jazz das últimas décadas. As súas traxectorias levaronlos a tocar nos escenarios máis importantes do jazz internacional e as súas obras discográficas e formacións lideradas son a mellor mostra do seu talento como músicos. Xuntos ocúpanse agora nunha banda que rende homenaxe ao jazz de estilo West Coast, unha tendencia histórica pero absolutamente vixente nos nosos días, unha maneira de

facer música que propiciou unha relaxación das vertixes do bebop neoiorquino. Acompañados por unha sección rítmica de luxo, estes dous mestres conducirános a unha viaxe polos sons dun estilo do que un día se dixo que renunciaba «a algún dos achados do bebop, especialmente na pulsión do ritmo e na forma de abordá-los arranxos».

Grant Stewart destaca por regalar un estilo baseado no hard bop que non deixá de lado un acentuado lirismo e unha moi persoal concepción do swing.



Rotondi, pola súa parte, é un enorme coñecedor da función da trompeta no contexto do jazz moderno e un músico afeto a manexarse con soltura en proxectos diversos. Ambos forman unha asociación con tódalas garantías de ofrece-los os melhores resultados artísticos.

Grant Stewart: saxo tenor
Jim Rotondi: trompeta
Fabio Miano: piano
Ignasi González: contrabaixo
Jo Krausse: batería

VENRES 17 E SÁBADO 18 22:30 h

Gabriela Suárez CANARIAS Jazz Singer




Con tan só dezoito anos, Gabriela Suárez non deixa de sumar adeptos. A súa voz é como doutra xeración, transporta aos anos

trinta despregando as innegables influencias de lendas como Billie Holiday, Ella Fitzgerald e Sarah Vaughan. Gabriela tamén se somerxe na bossa nova con grandes temas de Jobim e hits de Bill Withers e Nina Simone, engadindo agora a súa propia selección de temas de grandes compositoras e intérpretes femininas como Marta Valdés, a mencionada Billie Holiday, Mercedes Sosa, Premio Mejor Artista Revelación dos Premios Canarios de la Música (2021), grava o seu primeiro disco, *Moonlight in Vermont* (2019) en Brooklyn (Nova York, EEUU), cidade que respira old jazz, contando coa participación do prestixioso guitarrista Mike Moreno. Así mesmo, este pasado novembro editábase «Taking a Chance on Love», a súa colaboración no novo disco da Sant Andreu Jazz Band baixo a dirección de Joan Chamorro, mentor de grandes voces como Andrea Motis e Rita Payés.

Gabriela Suárez: piano
José Alberto Medina: piano
Tana Santana: baixo
Gonzalo del Val: batería

SÁBADO 18 22:30 h

Juan Saiz Cuarteto CANTABRIA/CATALUNHA



O selo británico Leo Records Music, un dos máis importantes dentro do jazz de vanguarda, incluiu no 2016 e por primeira vez no seu catálogo un disco feito en España. Ese disco era *PINDIO*, un traballo de JUAN SAIZ xunto con MARCO MEZQUIDA, ÁLEX REVIRIEGO e GENIS BAGÉS. Agora, seis anos despois, o famoso selo británico volve editar traballo discográfico de JUAN SAIZ, *PINDIO II*, conxunto de composicións propias e inéditas nas que o autor cultiva a liña do jazz europeo, as correntes de vanguarda e a improvisación libre. Un repertorio enérxico e desenfadado que avanza por paisaxes sonoras moi variadas onde cada un dos integrantes se desenvolve con auténtica liberdade.

O frautista e saxofonista presenta o seu sexto disco á fronte dunha formación de auténtico luxo, afiuzado, outrosí, por unha traxectoria ó longo da cal editou seis discos en calidade de líder e colaborou con auténticos referentes da música europea como a violinista e cantante Iva Bittová, o trompetista Bart Maris e o contrabaixista Baldo Martínez.

Juan Saiz: saxofón
Marco Mezquida: piano
Alex Reviriego: contrabaixo
Genis Bagés: batería



TEATRO

AUDITORIO MUNICIPAL
GUSTAVO FREIRE

Programación segundo
semestre 2023


Novembro e Decembro

ENTRADAS: entradaslugo.es ou na
Oficina Municipal de Turismo. 5€ nas
actividades para público adulto e 3€ nas
familiares. Ademais, as persoas en paro,
menores de 30, pensionistas e actores e
actrices asociadas á AAAG terán un
desconto do 30% nas actividades para
público adulto.



Concello de Lugo

Área de Cultura, Turismo
e Promoción da Lingua



LUGO

PROGRAMAS

AUDITORIO MUNICIPAL
GUSTAVO FREIRE

Domingo 05 novembro 18.30h. - "Full House" de Eléctrico 28. Duración: 50 min. Recomendada a partir de 4 anos. PREMIO mellor espazo sonoro Fetén 2023.

Koala, Can e Cabalo viven porta con porta, tan atarefados con eles mesmos que non se decantan das necesidades dos outros. A guinda do pastel chega cando Tigre trasládase á comunidade coma un novo inquilino.



Sábado 11 novembro. 20.30h. - "Los protegidos" de Teatro Mosca. Duración: 70 min. Recomendada a partir dos 16 anos. ESTREA mundial.

Texto inédito de Elfriede Jelinek, premio Nobel de Literatura no 2004, baseado nun feito real, na presenza en territorio austriaco, a finais de 2012, de preto de 100 refuxiados de diversas nacionalidades e en busca de asilo.

Xoves 16 novembro 20:30 - "3 Vellas na romaría" de Producións Excéntricas. Duración: 90 min. Recomendada a partir dos 13 anos.

O espectáculo da palabra viva, ou mellor, resucitada nas falas de Celso Sanmartín, José Luis Gutierrez e Quico Cadaval, busca nas memorias das devanceiras os días gloriosos de romarias e festas, os bailes, os milagres, as devocións, os exorcismos as empanadas e os melindres, o viño novo e a caña brava...



Domingo 19 novembro 18.30h. - "Solo" de Cia. Roi Borrallas Duración: 45 min. Todos os públicos. PREMIO mellor espectáculo de pallasos Zirkólika 2022 e PREMIO mellor interpretación masculina Fetén 2023.

O hábitat natural de calquer palla é a escena, co seu público. Pero qué pasa cando queda só? É no camerino onde se misturan a persoa e personaxe. Onde se desdibuxa a lína que os separa. Un limbo que non é o escenario nin a vida real. É nesa fronteira onde ten lugar este espectáculo...

Xoves 23 Novembro 20.30h. - "Hai quen escolle os camiños más longos" de Berrobambán. Duración: 50 min. Recomendada a partir dos 14 anos.



Nesta historia hai tres mulleres: unha nena, unha raíña que foi nena e unha bruxa que foi nena e que foi raíña. Tamén hai un lobo, e un bosque. Cada unha dasas tres mulleres escolle un camiño e vaise cruzando coas outras, tamén co lobo, e co lume, pero elas son fortes, saben arriscar, xogan co tempo ás agachadas e gañan, sempre gañan...



Xoves 30 de Novembro 20.30h. - "Conexión Pingüín" de Culturactiva. Duración: 70 min. Recomendada: a partir de 14 anos.

Unha reflexión cómica, en dous tempos, a dúas voces, sobre a incomunicación na era da comunicación, nunha posta en escena que mestura neve polar, móbiles de última xeración, pingüíns no horizonte, mamá non se enteira, cordas enredadas, un mapa, un compás, un GPS...

Domingo 03 de decembro 17h e 18.30h - "La serpillère de Mr MUTT" de MA Compagnie-Marc Lacourt. Duración: 35 mim. Recomendada a partir de 4 anos. PREMIO mellor espectáculo de achegamento á danza á primeira infancia.



Marc Lacourt disfruta armando historias que dan vida aos obxectos. Algúns esbozan unha danza e baixo os focos convítense en estrelas da pista. La serpillère de Monsieur MUTT convidanós a seguir o rastro da historia da arte, da delicadeza do xesto e o pracer da danza coa complicidade dos nenos e nenas.

Animación á lectura e contacontos

Outubro | novembro | 2023



Biblioteca
Municipal
Isidro Novo
MIHL
Parque da Milagrosa

Presentamos unha nova programación de animación á lectura pensada para achegar ás e aos máis pequenos á biblioteca, ao mundo da lectura e aos contos.

Para asistir aos contacontos é preciso retirar unha entrada a través do portal entradaslugo.es. As entradas son gratuitas e estarán dispoñibles desde o luns da semana da actuación. Para o obradoiro do 24 de outubro, tamén de balde, haberá que inscribirse na biblioteca ou no teléfono 982297415 (a partir do martes 17 de outubro).

As persoas adultas que acompañen aos nenos e nenas aos contacontos terán que retirar tamén entrada. Para dar preferencia ao público infantil, permitírse só un acompañante adulto por unidade familiar e entregaranse un máximo de tres entradas por persoa.

É importante que vos fixedes nas idades ás que vai destinada cada sesión.



#ActivandoLugo

Xoves, 19 de outubro ás 18:00 horas no MIHL

TARABELOS
“O TRAXE NOVO DO REI”
Idades: a partir de 3 anos
Duración: 55 minutos

Un traxe especial para un rei especial. Aquel traxe novo e máxico prometía ser un capricho inigualable e unha ferramenta perfecta para saber o nivel de intelixencia dos habitantes da corte. Funcionaría? Dalgún xeito si, pero non como el o esperaba.

Martes, 24 de outubro ás 18:00 horas na biblioteca

ÁTOMOS
“ROBÓTICA NA BIBLIOTECA”
Idades: a partir de 8 anos
Duración: 90 minutos

Celebramos o Dia das Bibliotecas cun obradoiro que procura unha achega dos máis novos e novas ás tecnoloxías do futuro desde a biblioteca. Ademais de aprender fundamentos básicos e coñecer o fondo científico-técnico dispoñible na nosa biblioteca, os e as participantes poderán levar o seu propio robot para a casa.

(Inscrição na biblioteca ou no teléfono: 982297414)

Xoves, 26 de outubro ás 18:00 horas no MIHL

TRÉMOLA TEATRO
“LEO E AS CORES”
Idades: de 1 a 3 anos
Duración: 30 minutos

Leo é o león máis curioso de toda a selva. Un dia, unha choiva de pompas quitalle ao Elefante Ante e á Tartaruga Uga as súas cores. Será capaz Leo, coa vosa axuda, de devolverles as cores aos seus amiguinhos?

Xoves, 2 de novembro ás 18:00 horas no MIHL

RAQUEL QUEZÁS
“CINEMA DE HISTORIAS”
Idades: a partir de 5 anos
Duración: 50 minutos

Este espectáculo, que mestura a narración co teatro e o cinema, pretende divertir e espertar nas nenas e nos nenos o amor polo cine da man de Alice Guy, a primeira persoa que dirixiu cine de ficción e a verdadeira nai do cinema.

Xoves, 16 de novembro ás 18:00 horas no MIHL

PABLÍSIMO
“CABICIVAI”
Idades: a partir de 3 anos
Duración: 45 minutos

“Cabici vai subindo e baixando, ca bici vai de acó para alá, ca bici vai carreteando as historias, ca bici vai a golpe de pedal...” Cabicivai é un espectáculo sobre rodas, unha bicicleta, un Kamishibai e tres caixóns dos que pode sair calquera cousa!!!

Xoves, 30 de novembro ás 18:00 horas no MIHL

MIGALLAS TEATRO
“BRINCADEIRAS DA LINGUA”
Idades: a partir de 3 anos
Duración: 50 minutos

Espectáculo que ten como obxectivo dar a coñecer a enorme riqueza e variedade de ditos e recitados da literatura popular infantil de Galicia dun xeito divertido, mediante xogos verbais de participación, cancións, contos, monicreques e outros recursos.



PROGRAMACIÓN SEMANAL

O VELLO CÁRCERE

DO MARTES 14 AO MÉRCORES 22 DE NOVEMBRO DE 2023



CENTRO SOCIOCULTURAL O VELLO CÁRCERE

✉ Praza da Constitución s/n, 27002 Lugo
☎ 982 297 195
✉ vellocarcere@lugo.gal
🌐 <http://ovellocarcerodelugo.gal/>

REDES SOCIAIS

🌐 www.facebook.com/OVellocarcere
📷 www.instagram.com/ovellocarcere
🐦 www.twitter.com/o_vello_carcere


HORARIO ATENCIÓN AO PÚBLICO

Mañás:

- Todos os días de 11:00 a 14:00 h.

Tardes:

- De domingo a mércores de 17:00 a 20:30 h.
- De xoves a sábados: 17:00 a 22:30 h.



CENTRO SOCIOCULTURAL O VELLO CÁRCERE

VISITAS GUIADAS

As visitas guiadas teñen un aforo limitado a 25 visitantes e unha duración aproximada de 45-60'. Recomendamos inscrición previa: 982 297 195.

PÚBLICO XERAL:
Visita guiada sobre a historia do edificio e a Memoria Histórica a través da exposición permanente "O Vello Cárcere: da Guerra á Posguerra":

- Venres: 18:15h.
- Sábados: 11:15h. e 18:15h.
- Domingos: 18:15h.

PÚBLICO FAMILIAR:
Visita guiada adaptada ás idades dos máis novos, sobre a historia do edificio e a Memoria Histórica a través da exposición permanente "O Vello Cárcere: da Guerra á Posguerra":

- Domingos: 11:15h.



CENTRO SOCIOCULTURAL O VELLO CÁRCERE

EXPOSICIÓN PERMANENTES

'O VELLO CÁRCERE: DA GUERRA Á POSGUERRA'

Exposición sobre as presas e presos políticos da Guerra Civil e da Posguerra, organizada polo Concello de Lugo e a ARMH (Asociación para a Recuperación da Memoria Histórica).

'ELAS'

Exposición da investigadora Aurora Marco que reivindica a presenza da muller galega en diferentes ámbitos, completada con dezaseis serigrafías das artistas Chelo Rodríguez, Ehlaña Carballo, Irene Silva Xiráldez, María Manuela, María Xesús Díaz, Novais, Sabela Arias Castro ou Vanessa Lodeiro.



CENTRO SOCIOCULTURAL O VELLO CÁRCERE

EXPOSICIÓN TEMPORAL

'MÁIS ALÓ DO TEMPO' - LÁZARE.

"O pintor Jesus López Lázare (Lugo, 1960) presenta en O Vello Cárcere a súa exposición "Máis aló do tempo".

En palabras do seu amigo Xullo Xiz, "os rostros de Lázare son inocentes, doces e fortes á vez, galegos sempre. A súa obra é racialmente galega, e fai xustiza á terra e ás xentes, aos devanceiros e a el mesmo, deixando constancia do aprendido na gran escola do vello rural".

Poderá visitarse desde o 03 de outubro ao 30 de novembro.
Celas de homes 2^a planta.

CENTRO SOCIOCULTURAL O VELLO CÁRCERE

EXPOSICIÓN TEMPORAL

'AS DOCE EN PUNTO'- MARÍA MATA

"As doce en punto" é a nova exposición temporal de María Mata no bloque de mulleres. A través dela, a artista experimenta coa técnica e a materia, sendo o elemento protagonista da mostra o papel de orixe vexetal. Unha ducia de sorprendentes pezas tridimensionais e tamén bidimensionais son exemplo do seu proceso experimental e creativo arredor dos diferentes usos deste material.

Poderá visitarse desde o 15 de setembro ao 15 de novembro.
Celas de mulleres 2^a planta

CENTRO SOCIOCULTURAL O VELLO CÁRCERE

EXPOSICIÓN TEMPORAL

'CICATRIZ' - ELENA VELASCO

Segundo as palabras da propia artista, Elena Velasco, "Cicatriz" é a "materialización en cerámica da miña experiencia vital dos últimos anos, fruto de padecer un cancro hematológico con mal mal prognóstico, que desembocou en sete anos ininterrompidos de durísimos tratamentos".

Esta mostra trátase dun percorrido íntimo a través das diferentes fases deste longo proceso. Neste percorrido, a artista busca establecer vínculos cas/as visitantes da exposición, apelando directamente ás súas emocións e experiencias e invitándolos a reflexionar tamén sobre os seus propios procesos persoais.

Poderá visitarse desde o 4 de setembro.
Celas de homes 1^a planta

CENTRO SOCIOCULTURAL O VELLO CÁRCERE

EXPOSICIÓN TEMPORAL

'XOGOS XEOMÉTRICOS' - MARÍA QUIROGA

A artista, a través de 'xogos xeométricos', convidanós a escutar a música da xeometría e a sentir a cor e o tacto da terra.

Esta mostra de cadros está realizada con pó de pedriñas, que fabrica ela mesma moendo este mineral cun mazo nunha engrá. Un proceso no que cada pedra é escollida e procesada para conformar estas xeometrías en Arte Mineral.

Poderá visitarse desde o 1 de setembro ao 31 de outubro.
Celas de mulleres 2^a planta

CENTRO SOCIOCULTURAL O VELLO CÁRCERE

EXPOSICIÓN TEMPORAL

'CLOUDSCAPES' - DANIEL AGRA

Unha experiencia onírica e inmersiva, unha viaxe ao imaginario e ao esencial a través da poesía visual e narrativa, un percorrido no que tamén se poden descobrir outras narrativas doutros artistas galegos. Unha xenerosa achega dende a pluralidade que nutre e enriquece o diálogo.

Poderá visitarse desde o 20 de outubro ao 15 de decembro de 2023
Celas de mulleres - 1ª planta

CENTRO SOCIOCULTURAL O VELLO CÁRCERE

PROGRAMACIÓN O VELLO CÁRCERE

Actividade: VISITAS ESCOLARES

Ciclos de Educación Primaria:

- Programa escolar 'Un edificio con boa Memoria' (reserva) Proposta didáctica sobre das orixes do Cárcere a través da súa arquitectura.
 - Luns a venres, 11:15h. e 12:30h.

Ciclos de Educación Secundaria e Bacharelato:

- Visita guiada ao edificio e á exposición permanente 'O Vello Cárcere: da Guerra á posguerra' (reserva)
 - Luns a venres, 11:15h. e 12:30h.
- Visita guiada á exposición temporal Serie Amarilla de Xaime Quessada (reserva)
 - Luns a venres, 11:15h. e 12:30h.

CENTRO SOCIOCULTURAL O VELLO CÁRCERE

PROGRAMACIÓN O VELLO CÁRCERE

Actividade: 'ESPAZO DE LECER'

O Espazo de Lecer é un servizo innovador de conciliación familiar pensado para que nenas e nenos de idades comprendidas entre os 3 e 8 anos, poidan xogar e aprender nun espazo especialmente deseñado para eles e elas.

Dúas monitoras organizan continuamente diversas actividades que se poñen en práctica, dun modo lúdico e educativo, co obxectivo de que rapazas e rapaces atañan unha serie de valores, así como conceptos relacionados coa historia do edificio e as exposiciones que alberga; a promoción da lingua, a recicleaxe e outras datas sinaladas. O horario deste espazo é os sábados, domingos e festivos nas seguintes quendas:

- Primeira quenda de mañá: 11:00 - 12:30h.
- Segunda quenda de mañá: 12:30 - 14:00h.
- Primeira quenda de tarde: 17:30 - 19:00h.
- Segunda quenda de tarde: 19:00 - 20:30h.

Os sábados, na primeira e segunda quenda de mañá, realizaranse 'contacontos miúdos' e os domingos, na primeira quenda de mañá, realizaranse 'cousiñas xelosas'.

CENTRO SOCIOCULTURAL O VELLO CÁRCERE

PROGRAMACIÓN O VELLO CÁRCERE

SÁBADOS

Actividade: CLUBS DE LECTURA

PÚBLICO INFANTIL

- 'Ratiños de Biblioteca' de 8 a 12 años.
21 de outubro

PÚBLICO ADULTO

- 'En-clave feminista', club de lectura feminista.
28 de outubro
- 'Gregorio Sanz', club de lectura de memoria democrática.
4 de novembro

Horario: de 12:00 a 13:00 h.

CENTRO SOCIOCULTURAL O VELLO CÁRCERE

PROGRAMACIÓN O VELLO CÁRCERE

SÁBADO 18 DE NOVEMBRO

Actividade: CONTACONTOS MIÚDOS: 'A VACA QUE SUBIU A UNHA ÁRBORE'

Con este conto de Gemma Merino coñeceremos a Tina, unha vaca diferente ás demáis, á que lle encanta explorar, descubrir e soñar. Conseguirá convencer ás outras vacas de que experimentar cousas novas non é nada mal?


O tempo restante, os participantes poderán ler, debuxar ou xogar no Espazo de Lecer.

Público: 3-8 anos

Horario: Primeira quenda de mañá (11:00h. - 12:30h.)

Segunda quenda de mañá (12:30 - 14:00h.)

Inscrições: 15 persoas por cada quenda.



CENTRO SOCIOCULTURAL O VELLO CÁRCERE

EVENTOS

Domingo 19 de Novembro

PRESENTACIÓN DO CONTO: 'O MISTERIO DO TULIPÁN'

Yolanda Álvarez Castro presenta este conto infantil en galego, no que trata temas tan importantes como son a igualadade e a integración.

Hora: 17:00 h



CENTRO SOCIOCULTURAL O VELLO CÁRCERE

PROGRAMACIÓN O VELLO CÁRCERE

DOMINGO 19 DE NOVEMBRO

Actividade: COUSINAS XEITOSAS: EXPOSICIÓN 'MÁIS ALÓ DO TEMPO'

Visita e traballo manual sobre a exposición de Lázare.

O tempo restante, os participantes poderán ler, debuxar ou xogar no Espazo de Lecer.

Público: 3-8 anos

Horario: Primeira quenda de mañá (11:00h. - 12:30h.)

Inscrições: 15 persoas por cada quenda.



CENTRO SOCIOCULTURAL O VELLO CÁRCERE

PROGRAMACIÓN O VELLO CÁRCERE

LUNS 20 DE NOVEMBRO

Actividade: 'E TI QUE CONTAS?'

Obradeiro de escritura xuvenil que emprega diferentes dinámicas e ferramentas narrativas para desenvolver e afilarizar estratexias de expresión escrita e oral.

Público: 13-16 anos

Horario: 17:30h. a 18:30h.

LUNS 20 DE NOVEMBRO

Actividade: 'ABRINDO AS PORTAS'

Actividade que aborda diferentes cuestións e conceptos arredor da arquitectura carcelaria e do conxunto patrimonial de O Vello Cárcere.

Público: adulto

Horario: 19:00h. a 20:00h.



CENTRO SOCIOCULTURAL O VELLO CÁRCERE

PROGRAMACIÓN O VELLO CÁRCERE

MARTES 21 DE NOVEMBRO

Actividade: **'PEQUEVÍNETISTAS'**

Obradoiro infantil de creación de banda deseñada. A través dos fondos da Biblioteca O Vello Cárcere, as participantes poderán ler, analizar e crear as súas propias historietas.

Público: 7-12 anos
Horario: 17:30h. a 18:30h.

MARTES 21 DE NOVEMBRO

Actividade: **CONSTRÚINDO MEMORIA**

Espazo de encontro, reflexión e debate sobre diferentes cuestións relacionadas co concepto de 'memoria'.

Público: adulto
Horario: 19:00h. a 20:00h.

CENTRO SOCIOCULTURAL O VELLO CÁRCERE

PROGRAMACIÓN O VELLO CÁRCERE

MÉRCORES 22 DE NOVEMBRO

Actividade: **'A TODA COR'**

Obradoiro infantil que trata, mediante diversas dinámicas de aprendizaxe, os valores humanos e os principais temas de actualidade que xiran arredor de datos significativos.

Público: 3-8 anos
Horario: 17:30h. a 19:00h.

O VELLO CÁRCERE

PROGRAMACIÓN CONTINUA

2023 / 2024



LUNS A DOMINGO
982 297 195
vellocarce@lugo.gal
ovellocarceredelugo.gal




BIBLIOTECA | ESPAZO DIDÁCTICO

PÚBLICO INFANTIL

- "Pequevínetistas" (de 7 a 12 anos)
Martes: 17:30 - 18:30 h
- "A toda cor" (de 3 a 8 anos)
Mércores: 17:30 - 19:00 h
- "Minirrelatos" (de 7 a 12 anos)
Xoves: 18:00 - 19:00 h
- Club de lectura "Rótinos de biblioteca" (de 8 a 12 anos)
Sábados: 12:00 - 13:00 h (cada tres semanas)

PÚBLICO XUVENIL

- "E ti que contas?" (de 13 a 16 anos)
Luns: 17:30 - 18:30 h

PÚBLICO ADULTO

- "Abrindo as portas"
Luns: 19:00 - 20:00 h
- "Construíndo memoria"
Martes: 19:00 - 20:00 h
- "Escritura creativa"
Xoves: 19:30 - 20:30 h
- Club de lectura feminista "En-clave feminista"
Sábados: 12:00 - 13:00 h (cada tres semanas)
- Club de lectura de memoria democrática "Gregorio Sanz"
Sábados: 12:00 - 13:00 h (cada tres semanas)
- Programa Tándem
Horarios en función do idioma

ESPAZO DE LECER | de 3 a 8 anos
sábados, domingos e festivos

MAÑAS

- 1ª quenda: 11:00 - 12:30 h
- 2ª quenda: 12:30 - 14:00 h

TARDES

- 1ª quenda: 17:30 - 19:00 h
- 2ª quenda: 19:00 - 20:30 h

• "Contacantos miúdos"
Sábados | 1^a e 2^a quenda de mañá

• "Cousiñas xeitosas"
Domingos | 1^a quenda de mañá

EXPOSICIÓN PERMANENTES

- "O Vello Cárcere: da Guerra á posguerra"
- "Elas" - Aurora Marco

EXPOSICIÓN TEMPORAL

- "Xogos Xeométricos", María Quiroga
- "Cicatriz", Elena Velasco
- "As doce en punto", María Mata
- "Mais aló do tempo", Lázaro
- "Cloudscapes", Daniel Agra
- "Panopticon", Asociación Que facemos?

VISITAS GUIADAS

Edificio + exposición permanente "O Vello Cárcere: da Guerra á posguerra"

- VENRES:** 18:15 h
- SABADOS:** 11:15 h e 18:15 h
- DOMINGOS:** 11:15 h (PÚBLICO FAMILIAR) e 18:15 h

Todos os actividades son **de balde**. Consulta as bases da Programación Continua na web:
ovellocarceredelugo.gal

CEMITERIO MUNICIPAL

SAN FR+OLÁN

Programación Cultural - Outono 2023



29	29	ÁRBORE DE LUZ
29	29	CONCERTO INFINITO
01	NOV	"ASOCIACIÓN MÚSICO CRISANTO"
08	NOV	XII CONCERTO DA LEMBRANZA
09	NOV	INTERVENCIÓN ESPACIAL "DON JUAN"
19	NOV	INTERVENCIÓN ESPACIAL "DON JUANÍN E DON JUANITO"
01	18	CONCURSO DE FOTOGRAFÍA "ESTAMPAS DE PAZ E ACOUGO"





LUGCULTURAL



**MICRO
ABERTO**

outubro e novembro * 2023



NOVA CONVOCATORIA:

**OS VIVOS FALAN
DOS MORTOS E MAIS**

20 de novembro

20:45 h.

**Cafetería da
Facultade de ADE**

Ata o día 17 de novembro achéganos as túas propostas a cultura.lugo@usc.gal para participar no micro aberto: pode ser un texto, poema, canción, monólogo... o que che apeteza expresar e compartir.




@ lugocultural
www.lugocultural.gal
#LugoCultural2023

LUG CULTURAL

2º CERTAME DE PAISAXE SONORA

novembro * 2023



Entrega ata o 10 de novembro

Coordina: Arturo Vaquero
Info en cultura.lugo@usc.gal

PARTICIPANTES

Poderán participar todas as persoas maiores de 18 anos que o desexen individualmente ou en grupo.

REQUISITOS

- * A paisaxe sonora deberá ter unha duración de entre 1 e 10 minutos.
- * A paisaxe sonora deberá de ser orixinal e inédita e non estar publicada ou premiada noutros certames.
- * As paisaxes sonoras deberán remitirse en mono ou estéreo e en formato .wav (mínimo 44.1Khz 16 bit) ou .mp3 (mínimo 192 kbps). Cada arquivo deberá nomearse cun título seguido dun guión (-) e o nome do participante.
- * Débese elaborar tamén un ficheiro de texto, a persoa participante describa o proceso creativo da paisaxe sonora, o material utilizado e unha breve explicación conceptual da obra.
- * A entrega farase por correo electrónico ou a través de WeTransfer a cultura.lugo@usc.gal, acompañando o ficheiro de audio (punto 3) e o ficheiro de texto (punto 4) coa ficha de inscripción cuberta, copia escaneada do DNI e certificado de conta bancaria.

ENTREGA DE PREMIOS

- 22 de novembro • 20:15 h.
- * Hall de Auditorio Facultade de Veterinaria
- * Coa actuación de Bahía botánica de Hugo Torres
- * Trae a túa esterilla, unha manta e unha almofada ou coxín para gozar mellor dunha xornada especial

PREMIOS

- * Premio Paisaxe Sonora 350€
- * Premio honorífico Inmaculada Cárdenas GCSUS 300 €
- * Premio do público 150€ (votarse na propia sesión o día 22)
- * Finalistas 100€ cada un (4 finalistas)

Titorías a disposición
na web de Lugo Cultural



@ lugocultural
www.lugocultural.gal
#LugoCultural2023

LUGO CULTURAL

V

CERTAME DE VIDEOCREACIÓN

setembro a novembro * 2023



Cultura

REQUISITOS

As obras presentadas deberán ser inéditas e orixinais.

Cada obra pode ser realizada de maneira individual ou colectiva. No caso de que a peza audiovisual sexa feita por un grupo, deberase indicar unha persoa que o represente ou un nome colectivo que asigne a súa autoría.

Cada obra deberá levar a cortina de inicio disponible en www.lugocultural.gal

A duración de cada obra será dun máximo de 5 minutos, incluíndo cortina inicial e créditos.

No caso de que a peza conteña linguaxe literaria oral ou escrita, valorarase positivamente a utilización do idioma galego.

No caso de que a peza conteña música, a persoa ou colectivo participante deberá acreditar a autoría ou a propiedade dos dereitos dela.

PRESENTACIÓN DE OBRAS

Debe cubrirse a folla de inscrición, en www.lugocultural.gal, coa información da persoa ou colectivo participante e os datos técnicos artísticos da obra, e incorporar unha ligazón privada para visualizar a obra en liña. Toda esa información debe enviarse ao enderezo cultura.lugo@usc.gal coa documentación que se pide na folla.

Inscripción do 11 de setembro ata o 2 de novembro. Data límite de presentación das pezas: día 22 de novembro ás 13:00 h.

PREMIOS

- * **Premio á mellor linguaxe visual (400€).** Valoraranse os aspectos estéticos da obra referentes á imaxe, iluminación e dirección artística, así como a montaxe e edición visual de cada peza.
- * **Premio Isidro Novo á mellor linguaxe literaria (400€).** Valoraranse os aspectos literarios da obra referentes ao guión e uso da linguaxe escrita ou oral.
- * **Premio Araceli Herrero á mellor comunicación (400€).** A mellor proposta que englobe todos los aspectos comunicativos empregando diferentes linguaxes.

ENTREGA DE PREMIOS

O día 27 de novembro.



A Orquestra Matosinhos completa o programa
do Festival de Jazz de Lugo

O concerto, que terá lugar o próximo domingo día 19 – 19:30 horas – Círculo das Artes, e que servirá para poñer o broche de ouro na clausura desta 33^a edición, enmárcase dentro da programación da nosa cidade como Capital da Cultura do Eixo Atlántico. A entrada será de balde ata completar o aforo.

INFORMACIÓN TURÍSTICA

CENTROS CULTURAIS - MUSEOS -
OFICINA DE TURISMO

EXPLORA LUGO



Museo MIHL

Av. Infanta Elena, s/n, 27003
982 297 446
museo.mihl@lugo.gal
[instagram.com/mihl_museo/](https://www.instagram.com/mihl_museo/)



O Vello Cárcere

Praza da Constitución, s/n. 27002
982 297 195 vellocarcere@lugo.gal
facebook.com/OVelloCarcere
[instagram.com/ovellocarcere/](https://www.instagram.com/ovellocarcere/)
twitter.com/o_vello_carcere



Rúa do Carme, 3, 27004
982 250 962 museo.portaelugo.gal
facebook.com/lugomuseos/
[instagram.com/museoslugo/](https://www.instagram.com/museoslugo/)



Casa dos Mosaicos

Rúa Doutor Castro, 20, 22, 27001
982 25 48 15 casadosmosaicos@lugo.gal
facebook.com/lugomuseos/
[instagram.com/museoslugo/](https://www.instagram.com/museoslugo/)



Centro de Interpretación da Muralla

Praza do Campo, 11, 27001
982 251 658 cim@lugo.gal
facebook.com/lugomuseos/
[instagram.com/museoslugo/](https://www.instagram.com/museoslugo/)



Oficina de Turismo

Praza do Campo, 11, 27001
982 25 16 58 lugoturismo@lugo.gal
facebook.com/TurismodeLugo/

EXPLORA LUGO



Rúa Emilia Pardo Bazán s/n, 27002
982 801 105 museo.sroque@lugo.gal
facebook.com/lugomuseos/
instagram.com/museoslugo/



Praza da Soidade s/n 27001
982 242 112 info@museolugo.org
facebook.com/redemuseistica provincial
twitter.com/RedeMuseistica

HORARIO DE INVIERNO

Casa dos Mosaicos, Sala de Exposiciones Porta Miñá e Centro Arqueológico de San Roque:
10:00h a 14:00h e 16:30h a 19:30h. De martes a domingo.

Centro de Interpretación da Muralla:
10:00h a 14:00h e 16:00h a 18:00h. Todos os días.



Concello de Lugo

Área de Cultura, Turismo
e Promoción da Lingua



982 297 199



LugoTurismo



culturaturismolugo



LugoTurismo



ENTRADASLUGO.ES

Para recibir este boletín: envía a túa dirección de correo electrónico a 010@lugo.gal Asunto: boletín.